

Xoán Manuel Pérez Lijó

Secretario de Anabad-Galicia

O dereito a Ler en formato electrónico

Mesa de Publicación electrónica

III Congreso de Software Libre para educación

2 de xullo de 2014

Introdución:

Para comezar a miña parte quero antes de nada poñer en antecedentes o tema do que se vai falar.

Encontrámonos nun cambio de tendencia na sociedade cara á edición e publicación de materiais en formato electrónico. Principalmente libros de lectura, pero tamén manuais escolares e outros materiais que plantexan unha serie de cuestións educativas e sociais que afectan ao proceso de aprendizaxe, á cultura e aos servizos culturais, a cuestións económicas e á infraestrutura creada ao redor do libro e da lectura: editoriais, librerías, bibliotecas e en xeral todo o sistema que ten a ver coa lectura, o denominado “ecosistema do libro”.

Independentemente das posturas que se poidan dar entre os “defensores” do papel e os defensores do documento electrónico, a maioría de nós opina que se vai dar un proceso de convivencia entre os dous tipos de soportes e que nen o fin do papel nen a primacía do formato electrónico vai ser a curto prazo. Estamos nun proceso denominado de **hibridación** no que convivirán os dous tipos de formatos e se enriquecerán mutuamente.

Todos os participantes na mesa vamos falar do punto de vista do dixital, sen embargo queremos por un lado desdramatizar os cambios e por outro plantexar os retos aos que nos somete o cambio cara o dixital e a convivencia entre os dous soportes.

E cando falo de soportes quero levar a agua ao meu rego. Desde o meu sector profesional, desde as bibliotecas públicas, defendemos o acceso á lectura ao ocio e á cultura independentemente do soporte no que se realice a transmisión da lectura, nos obxectivos marcados polas normas e recomendación internacionais como determina a UNESCO. É por iso que non nos posicionamos contra o formato electrónico, pero si nos

gustaría que este se puidese xestionar, e puidésemos facilitar a lectura dos documentos en formato electrónico, da mesma maneira que o facemos cos libros en papel ou con outros formatos que tamén temos nas bibliotecas e que se prestan e facilitan aos usuarios como un documento máis.

Préstamo de libros nas Bibliotecas públicas:

Nas bibliotecas comézase a realizar o préstamo de libros electrónicos. Até fai pouco o proceso era o seguinte:

- As bibliotecas que o podían facer prestaban lectores de libros electrónicos (ereaders) cunha serie de libros xa cargados. Ás veces só cos propios que trae o lector electrónico e outras veces con libros comprados pola propia biblioteca. Estra iniciativa voluntariosa acabou en moitos casos en fracasos por diversos motivos entre os que destacan:

- A imposibilidade de contar con moitos equipos de lectura que se puidesen prestar: polo seu custe, pola necesidade de revisión posterior do lector para evitar que gardase datos persoais ou revisar o seu estado e mantemento.
- Pola imposibilidade de incorporar novos libros, polo custe ou pola dificultade de poder comprar aqueles que se desexan.
- Pola dependencia entre libros electrónicos e lectores electrónicos: de nada serve ter acceso a 1000 ou máis libros nun ereader, se estes están ocupados por unha única persoa que os ten no seu poder durante 15 ou 20 días e que, por tanto, impide, mentres tanto, que outros usuarios os poidan ler.
- Tamén pola demanda excesiva sobre determinados libros: novidades e bestsellers sen importar os demais libros do ereader.

Todo isto derivou nun fracaso nas poucas bibliotecas públicas que pasaron pola experiencia. Noutras bibliotecas como as universitarias tivo máis éxito debido a un tipo de contidos diferentes.

Frente a este posibilidade de préstamo dos ereaders apareceu hai pouco tempo (aínda que noutros países xa leva anos) a alternativa do acceso aos libros en préstamo a través das plataformas de contidos de libros electrónicos.

Estas plataformas están por fin implantándose pouco a pouco no estado español e nestes momentos hai tres (contaremos hoxe coa experiencia dunha delas, XeBook da empresa Xercode) que facilitan unha serie de vantaxes e de inconvenientes:

Como **vantaxes** podemos sinalar que:

- Os usuarios poden coñecelas mellor xa que son as mesmas que están no mercado para a compra de libros electrónicos para clientes particulares.
- Algunha delas, conta co respaldo das editoras máis importantes polo que poden ofertar libros máis atractivos desde o punto de vista comercial.
- Teñen capacidade de interacción coa administración podendo ser capaces de “implantar” a súa tecnoloxía con independencia da súa calidade tecnolóxica.

Inconvenientes para as bibliotecas:

- O cliente ou o usuario está atado a unha serie de contidos predeterminados, hai poucas posibilidades de incorporar documentos novos de outras editoras ou de incluír recursos propios sen o permiso da propietaria da plataforma.
- As plataformas poden cobrar prezos abusivos polo uso dos recursos (hai que ter en conta que estamos falando de uso non de propiedade, agora o contido é a través de aluguer maioritariamente e por licenzas de uso simultaneo do documento (uso concorrente)).

Os problemas:

Por todos estes motivos, desde EBLIDA, federación europea de asociacións de bibliotecas e bibliotecarios, iniciouse en primavera de 2014 unha campaña para demandar ante os poderes públicos que as bibliotecas podan prestar documentos electrónicos aos usuarios:

Campaña (<http://www.eblida.org/e-read/home-campaign/>) e Manifesto da Campaña (<https://docs.google.com/file/d/0B0aqrfKCbqFHSJTaGINUkhhSZA/edit?pli=1>)

Neste momento encontrámonos coas seguintes problemáticas ás que queremos que se lles dea unha solución e desde esta mesa contaremos con algunhas propostas deste estilo.

Os eixos nos que se plantexa a campaña son:

- Proporcionar aos usuarios as últimas novidades nos libros electrónicos: ao igual que para os impresos.
- Adquirir os libros electrónicos a prezos xustos e con condicións de uso razoábeis.
- Pagar xustamente aos autores sobre o préstamo dos seus libros.

- Facilitar o acceso dos libros a toda a cidadanía, non só a quen poda pagalos.
- Lei de propiedade intelectual clara.

1) Proporcionar as novidades:

Isto ten a ver coa dificultade de adquirir moitos dos libros, ben porque se distribúen por canais diferentes e tamén con formas de pago diferentes, ben porque teñen un tempo de demora (embargo) entre o papel e o dixital, ou ben porque non se contempla o canal biblioteca como forma de distribución.

A isto axuda tamén o IVA dos libros electrónicos (que veremos máis abaixo) e o de contemplar partidas diferentes para adquisición de fondos que impide que moitas veces as bibliotecas poidan contar, no mellor dos casos, con partidas para comprar libros en papel, pero non para outro tipo de materiais e formatos.

2) Adquirir os libros electrónicos a prezos xustos:

O prezo é moi diferente que para o libro en papel. En primeiro lugar contan con tipo de IVA diferente. Para papel o 4% e para electrónicos o 21%. A pesar das campañas europeas para igualar este imposto, sigue sendo diferente en moitos países de Europa.

Ademais, non debemos esquecer que, o prezo destes dous tipos de documento son moito maiores en España que noutros países do nos entorno. Por exemplo na Franza tanto para formato físico como dixital para os usuarios persoais o prezo é, de media, a metade do de España (media 8€/16€ para o libro en papel e 3€/6€ para o libro electrónico). Para os usuarios “bibliotecas” o prezo é moito maior. Mentres que nos EUA pode chegar a 12 veces máis que o custe de un usuario particular, en España pode chegar a custar até 40 veces máis. E, ademais de todo isto, temos sinalar que o libro nunca queda en propiedade da biblioteca o que se paga é por un uso do mesmo. Un uso temporal por tempo determinado e por un número de préstamos simultáneos determinado. Por exemplo os libros que a Xunta incorporará na súa plataforma serán por 3 anos e con 8 licenzas concorrentes. A partir de aí deberá renovar o contrato ou dar de baixo eses títulos.

3) Pagar xustamente aos autores sobre o préstamo dos seus libros:

Na actualidade as bibliotecas da UE pagan un canon polo préstamo de libros ás

sociedades de xestión de dereitos de autor. En España este canon é asumido e pagado pola administración polo que o seu custe revirte en toda a sociedade que asume pagar aos autores polo seu traballo.

No préstamo e uso de libros electrónicos non está determinado como se vai facer este pago. Así existen diferentes maneiras de o facer e finalmente parece ser que as editoras ou as distribuidoras están asumindo esas remuneracións. Tamén comezan a implantarse “tarifas planas de lectura” (modelo Spotify) na que os usuarios particulares se subscriben por unha cuota mensual ou anual na que pagan sempre o mesmo pola lectura. Sen embargo este beneficio para a empresa non sempre vai aos autores xa que os sistemas de remuneración son moi diferentes en cada tarifa plana, algúns autores só comezan a recibir diñeiro se o lector pasa da lectura do 30% da obra. E só cobra o total dos dereitos se o lector chega ao 50 ou ao 70% da obra (dependendo das plataformas e tarifas planas)...

Estes sistemas non contemplan a lectura nas bibliotecas públicas e tampouco asegura unha remuneración fiábel e eficaz para os autores que moitas veces acaban ou non recibindo nada ou pequenas cantidades.

4) Facilitar o acceso dos libros a toda a cidadanía, non só a quen poda pagalos:

Por un lado o acceso legal aos documentos é dificultoso: moitas plataformas e sistemas de pago diferentes, moito tipo de formatos e diferentes tipos de lectores que poden ler ou non todos eses formatos, o cambio de soportes: que o libro descargado poida ser lido en máis dun soporte e intercambiable entre eles.

Esta multitude de formas diferentes ás que acceder aos libros fai que moitas veces sexa máis fácil conseguir os libros electrónicos buscando formas non legais ou para-legais que a propia adquisición legal dos documentos.

As Bibliotecas son organismos neutros en canto á tecnoloxía e acceso. Poden facilitar o acceso a todos os seus fondos, e facilitar, sobre todo, o acceso a formatos abertos ou estándares fronte a formatos propietarios. Da mesma maneira podería facilitar que a lectura se poida facer en calquera soporte e intercambiar entre os diferentes soportes. Para isto as bibliotecas deben contar coa tecnoloxía que o permita facer. As novas plataformas deberían integrar os documentos físicos e os virtuais e poder realizar o

préstamo cun sistema fácil de altas e claves únicas... O ideal sería que o número de carné de socio permitise xa achegarse aos recursos electrónicos desde calquera lugar.

5) Lei de propiedade intelectual clara:

Por último, é necesario que exista unha lei de propiedade intelectual clara que contemple todos estes aspectos. É dicir que protexa os creadores, editores e distribuidores das obras pero que tamén contemple que existan as mesmas posibilidades de interacción que hai na actualidade cos libros en papel ou os formatos físicos. Que contemple o préstamo persoal e intercambio entre distintos soportes de lectura e entre diferentes persoas (préstamo persoal) e entre as bibliotecas a través de préstamo e intercambio interbibliotecario .

As novas Plataformas de préstamo de libros tanto dirixidas a persoas como as dirixidas a bibliotecas non contemplan todos estes aspectos e non existe unha lexislación que favoreza ir cara estes avances que nós consideramos imprescindíbeis. Polo tanto aínda nos queda un camiño longo por percorrer até que o préstamo de libros en formato electrónico convivan como un material máis dentro das bibliotecas.